Unhas instalacións de porto insuficientes, tanto en tamaño coma en servizos, para a flota que alí traballa, moitas dificultades para amarrar e resgardar os barcos durante os temporais, ao non contar con medidas de abrigo, son algunhas das problemáticas que soporta este porto e as súas traballadoras.

Durante a época estival, véñense detectando outro tipo de problemas que poñen en perigo a actividade marisqueira e pesqueira na zona. Estamos a falar dun concello e dunha parroquia que soportan un grande fluxo de visitantes na época de verán, co conseguinte aumento na necesidade e uso dos servizos básicos e unha ocupación maior de lámina de auga.

A gran maioría das zonas de marisqueo da zona están nunha catalogación A, que fala da boa calidade da auga e polo tanto do marisco, situación beneficiosa para o sector e para o consumidor.

É aquí onde se orixinan os problemas. Ao longo dos anos, o sector ven detectando diferentes irregularidades, como vertidos de fecais as augas da ría, que fan perigar a catalogación de zona A para as zonas de marisqueo, co gran prexuízo que conlevaría para os mariscadores e distintos produtores do sector do mar.

Na ría de Aldán a presenza de ducias de embarcacións recreativas sen ningún tipo de control sobre os seus fondeadoiros e cumprimento das condicións sanitarias das mesmas, é un problema que se vén repetindo e agravando ano tras ano. Isto provoca que haxa buques que estean durante semanas fondeados en zonas habituais de traballo, impedindo o mesmo, e que non se cumpra coa normativa vixente sobre seguridade marítima e o baleirado de augas negras e grises derivadas do uso diario dos seus ocupantes.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento Galego insta ao Goberno Galego a adoptar as medidas necesarias para manter a calidade das augas pesqueiras e de marisqueo na parroquia de Aldán, Cangas, especialmente na época estival, onde se detectan irregularidades que van en detrimento do sector pesqueiro e marisqueiro.”

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2021

**Asdo.: Paulo Ríos Santomé**

**Rosana Pérez Fernández**

**Daniel Castro García**

**Carme González Iglesias**

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

**Olalla Rodil Fernández**

Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Paulo Ríos Santomé na data 17/06/2021 13:46:36**

**Rosana Pérez Fernández na data 17/06/2021 13:46:44**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Daniel Castro García na data 17/06/2021 13:46:52**

**María do Carme González Iglesias na data 17/06/2021 13:46:58**

**Ana Pontón Mondelo na data 17/06/2021 13:47:05**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López**, e da deputada **Carme González Iglesias**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª polo trámite de urxencia**, sobre a necesidade dunha intervención pública da factoría de Alcoa en San Cibrao.

### XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione diante das últimas novas coñecidas sobre a posición da SEPI a respecto de Alcoa.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o verán do ano 2020 os traballadores e traballadoras da factoría de Alcoa e das súas auxiliares levan vendo como o seu futuro e o da comarca da Mariña está constantemente pendendo dun fío. Do mesmo xeito, toda a comarca da Mariña e o conxunto do país segue a observar como a Xunta de Galiza e o goberno estatal seguen sen mostrar a vontade necesaria para que se poida seguir producindo aluminio no noso país e que a totalidade dos postos de traballo se manteñan.

Esta falta de vontade puidémola ver ao longo destes meses de negociacións nos que nin a administración galega nin a estatal mostraron interese algún en desbloquear o





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

inmobilismo desta situación tan difícil, provocando que despois de máis de un ano os e as mariñás sigan sen saber cal vai ser o futuro da súa comarca.

A isto hai que sumar o feito de que a SEPI se negue abertamente a participar no proceso de compra, a pesar dos acordos acadados no Parlamento de Galiza e no Congreso dos Deputados, afastándose así dos acordos conseguidos polos e polas representantes da cidadanía e fuxindo das obrigacións ás que este ente se comprometera.

Tendo todo isto en conta, desde o BNG consideramos de extrema gravidade a posición adoptada pola SEPI que, ademais de ir contra os acordos acadados democraticamente, coloca aos traballadores e traballadoras e ao comité de empresa nunha posición máis feble ao non poder contar cun ente público que garanta que o hipotético proceso de venda se realice de xeito de regrado.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a:

1. Demandar do goberno central a intervención pública na factoría de Alcoa en San Cibrao, inicialmente de forma transitoria e a través da SEPI, coa fin de asegurar o mantemento do emprego e da actividade industrial e facilitar a súa posterior venda a un inversor privado que garanta un proxecto industrial viable.

2. Demandar a súa participación e a do goberno central no proceso de intervención desta factoría.”





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

**Ramón Fernández Alfonso**

**Daniel Pérez López**

**Carme González Iglesias**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 18/06/2021 10:22:25**

**Ramón Fernández Alfonso na data 18/06/2021 10:22:34**

**Daniel Pérez López na data 18/06/2021 10:22:43**

**María do Carme González Iglesias na data 18/06/2021 10:22:52**

**Ana Pontón Mondelo na data 18/06/2021 10:23:02**



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados **Sandra Vázquez Domínguez, Teresa Egerique Mosquera, María Elena Suárez Sarmiento, María Encarnación Amigo Díaz, José Luis Ferro Iglesias, Ovidio Rodeiro Tato, María Felisa Rodríguez Carrera, José Manuel Rey Varela, María Sol Díaz Mouteira, José Antonio Armada Pérez, Ana Belén García Vidal, José Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Paula Prado del Río e María Elena Canda López** ao abeiro do disposto ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª de Educación e Cultura**, polo trámite de **urxencia**.

### Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia tome posición, canto antes, sobre esta cuestión

### Exposición de Motivos:

Recentes informacións periódicas e comentarios en redes sociais de sindicatos policiais apuntan a que o Goberno central está a preparar xa o novo Documento Nacional de Identidade (tamén chamado "DNI Europeo") co que se pretende atender ao previsto no regulamento 2918/1157 da Unión Europea de obrigado cumprimento en todos os estados membros a partir do 2 de agosto de 2021.

Polo que se coñece ata o momento parece que o DNI Europeo vai empregar o castelán e o inglés, pero quedarían excluídas as outras linguas cooficiais en España. Esta posibilidade está a espertar inquietude entre as comunidades con linguas propias e recoñecidas na normativa vixente.

O Grupo Parlamentario Popular quere lembrar que no actual DNI figuran as linguas cooficiais das comunidades autónomas españolas en xeral, e o galego en particular, de acordo co previsto no vixente Real Decreto 1553/2005, de 23 de decembro, polo que se regula a expedición do documento nacional de identidade e os seus certificados de firma electrónica.

Enténdese que esta disposición é plenamente acorde coa normativa europea, que contempla de maneira sistemática a posibilidade de usar a lingua ou linguas do Estado, e coa Sentenza 67/1996, de 18 de abril, do Tribunal Constitucional, que establece que por lingua oficial do Estado español pode entenderse calquera das linguas oficiais dentro del territorio español.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Agardamos que as informacións que apuntan a que as linguas empregadas no DNI Europeo serán en castelán e inglés, sexan inexactas e que se poida ter en conta o anteriormente explicado.

Por todo isto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de le:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a trasladar ao Goberno central a preocupación pola posible exclusión dos idiomas cooficiais das comunidades autónomas do DNI Europeo que se está a preparar e, que solicite o mantemento da presenza de todas linguas cooficiais e, nomeadamente, da lingua galega nos novos documentos nacionais de identidade”.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 18/06/2021 14:02:41**

**Teresa Egerique Mosquera na data 18/06/2021 14:03:12**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 18/06/2021 14:03:24**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 18/06/2021 14:03:46**

**José Luis Ferro Iglesias na data 18/06/2021 14:04:15**

**Ovidio Rodeiro Tato na data 18/06/2021 14:04:34**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 18/06/2021 14:04:45**

**José Manuel Rey Varela na data 18/06/2021 14:04:54**

**María Sol Díaz Mouteira na data 18/06/2021 14:05:13**

**José Antonio Armada Pérez na data 18/06/2021 14:05:33**

**Ana Belén García Vidal na data 18/06/2021 14:05:59**

**José Alberto Pazos Couñago na data 18/06/2021 14:06:11**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



**Noelia Pérez López na data 18/06/2021 14:06:24**

**Paula Prado del Río na data 18/06/2021 14:06:44**

**María Elena Candia López na data 18/06/2021 14:07:04**

**Pedro Puy Fraga na data 18/06/2021 14:07:41**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª polo trámite de urxencia**, sobre as anomalías na organización e desenvolvemento das probas CELGA.

### XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione sobre as anomalías na organización e desenvolvemento das probas CELGA que veñen de celebrarse.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos exames CELGA deste ano, que acaban de ter lugar hai escasas semanas en Compostela e Ponferrada, rexistráronse diferentes denuncias canto á súa organización e desenvolvemento. O CELGA 4 é un certificado oficial imprescindible para se presentar a diferentes oposicións e postos administrativos en Galiza. Xa que logo, a limpeza e fiabilidade dos exames debe ser absoluta.

Mais tal e como foi denunciado na prensa, durante estas probas producíronse situacións esixen aclaracións por parte da Secretaría Xeral de Política Lingüística.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A primeira destas situacións ten que ver con que tal e como sinala o profesorado avaliador, no segundo día das probas do CELGA 4, o 21 de maio, unha das persoas da comisión de avaliación dirixiuse a todas e todos os avaliadores nunha reunión previa ás probas orais. Alí ordenou, baixo ameaza de consecuencias para quen se negar, que non se tivese en conta o criterio de pronuncia e entoación á hora de puntuar os exames de candidatos castelanfalantes provenientes do resto do Estado. Após as denuncias públicas posteriores de avaliadores alí presentes e da Mesa pola Normalización Lingüística, na seguinte reunión previa aos exames, o 28 de maio, esta persoa negou esta máxima. Alí mesmo confirmou que o único criterio é o establecido nas grellas de corrección oficiais.

A segunda das anomalías ten que ver con que recentemente, 63 sentenzas ratificadas polo Tribunal Supremo castigaron a Xunta por vulnerar os dereitos laborais do corpo de avaliadores. Un dos feitos condenados nelas foi o emprego de persoal funcionario da Consellaría para realizar as súas tarefas no medio do conflito laboral. As sentenzas establecen que só lle corresponde ao persoal laboral avaliador a realización destas funcións. Tanto é así que a Xunta, nos últimos anos, obrigoulles a renunciar á participación nas probas a todos aqueles membros do corpo do profesorado avaliador do CELGA que obtiveran praza como profesorado de secundaria ou mesmo substituían nel. Porén, nesta convocatoria apareceron novos avaliadores alleos ao corpo, que si eran profesorado funcionario de secundaria.

Outra das situacións que requiren aclaracións, ten que ver con que nos últimos catro anos, as probas orais do CELGA 4, a diferenza do resto de niveis, eran realizadas por unha única persoa entrevistadora-avaliadora e completadas pola escoita e avaliación da gravación despois por unha outra. Así, co argumento de falta de efectivos, o persoal laboral era obrigado a intensas xornadas en que chegaban a realizar até 20 entrevistas en dez horas, en solitario e con apenas descanso. O argumento da Secretaría Xeral consistía na imposibilidade de exceder nun único día a súa realización. Pola contra, nesta última







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

convocatoria as probas tiveron lugar en tres días diferentes e realizouse avaliación en parellas como o resto de niveis. Mesmo se chegou a empregar o criterio dunha persoa do corpo de avaliadores e un dos novos para que estes aprendesen a mecánica do exame oral na composición desas parellas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Esclarecer o acontecido sobre as presuntas presións ao profesorado CELGA para facilitar o aprobado nos exames de CELGA 4 obviando os criterios de pronuncia e entoación.
2. Adoptar todas as medias necesarias para que esta situación non volva darse.
3. Informar ao Parlamento sobre que autoridade académica ou lingüística respalda o funcionamento desa comisión de avaliación así como dos procedementos de fiscalización das mesma.
4. Esclarecer o cambio de criterio nos mecanismos de avaliación das últimas probas CELGA 4.”

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Mercedes Queixas Zas**  
Deputado e deputada do G.P. do BNG  
**Manuel Lourenzo Sobral**  
Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 21/06/2021 12:52:53**

**Mercedes Queixas Zas na data 21/06/2021 12:53:00**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/06/2021 12:53:08**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, M<sup>a</sup> Carme González Iglesias e Rosana Pérez Fernández** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8<sup>a</sup> polo trámite de urxencia**, relativa ás medidas a tomar para garantir a viabilidade e o mantemento de todos os postos de traballo da conserveira asentada en Ogrobe Thenaisie Provoté.

### XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre o mantemento dos postos de traballo na conserveira asentada en Ogrobe Thenaisie Provoté.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En maio de 2020 a empresa conserveira Thenaisie Provoté afincada no concello de O Grove presentaba concurso voluntario de acredores. Isa situación fixo saltar as alarmas ao poñer en risco unha das empresas máis importantes do concello, e un motor económico, con 125 empregos directos entre a planta





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

produtiva, situada en Ogrobe, e a loxística no concello de Mos, aos que hai que sumar os postos temporais par realizar campañas puntuais.

A día de hoxe hai, máis dun ano despois, a preocupación pola situación da empresa, non fixo máis que aumentar, toda vez que as opcións e o tempo vanse esgotando. Transcorren os meses e non ven solución, a día de hoxe a conserveira está en fase de liquidación, e co temor é que se vexa abocada a terminar en subhasta, sen que se teña coñecido actuacións por parte da Xunta de Galiza para salvar a empresa.

O concello de Ogrobe, e a comarca do Salnés, non poden permitirse o peche de Thenaisie, a perda de máis tecido industrial e de moitos postos de traballo.

A situación de incerteza das traballadoras de Thenaisie é total. Están loitando polos seus postos de traballo, polo seu presente, mais tamén polo futuro, pola permanencia de actividade industrial que garanta traballo a outras xeracións.

A actuación responsábel do cadro de persoal e do comité de empresa, implicado desde o primeiro momento en buscar alternativas, ten que ter correlación na Xunta de Galiza,

A Xunta ten que ser parte activa na busca de solución, ten que implicarse decididamente en garantir a continuidade da actividade e o mantemento da totalidade do emprego.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Precisan que o Goberno galego, se poña do seu lado, se implique para garantir a continuidade dun proxecto industrial a actividade e o mantemento dos postos de traballo.

O Goberno galego ten competencias en política industrial, en emprego, en política pesqueira, o que ten é que as exercelas e presentar unha solución.

Ten a obriga é remangarse para buscar solucións, para non permitir a perda dunha nova empresa, a perda de tecido industrial nun sector estratéxico como é complexo

Mar – Industria, do que tanto lles gusta falar, presentar solucións, unha alternativa, un plan de viabilidade para garantir a continuidade da actividade produtiva e dos postos de traballo. Non permitir o aumento do deserto industrial no que se está convertendo a comarca do Salnés. Detrás dese deserto o que hai é precarización e desemprego.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a ter unha posición proactiva diante do risco de desaparición da conserveira Thenaisie Provoté e:





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

1.- Presentar do Parlamento galego un informe coas accións realizadas pola Xunta de Galiza para salvar o proxecto empresarial da conserveira e os postos de traballo.

2.- Realizar de inmediato todas as accións precisas para permitir a viabilidade da conserveira Thenaisie Provoté, situada no concello de Ogrobe, e o mantemento de todos os postos de traballo a empezar por reunirse coas traballadoras e as empresas que teñen presentado propostas de cara a involucrarse nas posibilidades de apoiar con avais ou liñas de axudas.

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2021

Asdo.: **María do Carme González Iglesias**

**Daniel Castro García**

**Rosana Pérez Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 21/06/2021 17:41:09**

**María do Carme González Iglesias na data 21/06/2021 17:41:18**

**Rosana Pérez Fernández na data 21/06/2021 17:41:25**

**Daniel Castro García na data 21/06/2021 17:41:37**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

O centro sociosanitario Hestia Santa María, foi rehabilitado para este uso no ano 1999.

Ofrece servizos como recurso de hospitalización para atender a enfermos crónicos ou convalescentes que precisen unha atención especializada e personalizada, formando parte da rede sanitaria pública galega.

A atención sociosanitaria comprende o conxunto de coidados destinados a aquelas persoas enfermas, xeralmente con carácter crónico, e persoas con discapacidade que, polas súas características especiais (persoas con demencia, enfermidades neurolóxicas, maiores, persoas con enfermidades terminais avanzadas, e coidados paliativos), pódense beneficiar da actuación simultánea dos servizos sanitarios e sociais para potenciar a súa autonomía, paliar as súas limitacións ou sufrimentos e facilitar a súa reinserción social.

Hai uns días a Consellería de Sanidade informou ao centro, que non poderá continuar por «deficiencias estruturais e non asistenciais»

Esta decisión obriga a recolocar con urxencia a medio centenar de doentes e a aplicar un ERTE para os 32 traballadores.

Santa María estaba en fase de renovación da autorización hospitalaria —forma parte do Sergas— e se ata o de agora se rexía por uns criterios socio sanitarios, agora tería que facelo polos hospitalarios, un cambio legal que o pon contra as cordas e lle obriga a cerrar por non poder cumprilos.

A noticia do peche do sanatorio, pillou por sorpresa a moitas familias, que estes días están pendentes de saber cal é o destino dos seus familiares, que na maioría dos casos, son grandes dependentes.

O Sergas está a levar a cabo o traslado dos doentes, sen que a día de hoxe moitos saiban onde van ir os seus familiares.





Pontevedra non conta cunha alternativa sociosanitaria polo que algúns están volvendo ao hospital de orixe, outros a centros de irmáns misioneiros, ao Hestia de La Robleda e tamén para as casas de familiares, pero hai quen non ten fogar.

As familias aínda están asimilando esta nova situación que foi de súpeto sen que puidesen ter capacidade de resposta, nunha actitude por parte do Sergas dunha total falla de sensibilidade, cara a estas persoas en situación de vulnerabilidade e os seus familiares.

Por iso, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

- 1º Ofrecer unha solución temporal a todas as persoas usuarias do centro que se ven afectadas polo peche inmediato que a Xunta non puido prever.
- 2º Axilizar o procedemento para construír un centro sociosanitario público en Pontevedra que permita manter, como mínimo, o volume de capacidade asistencial sociosanitaria previa ao peche do Hestia Santa María.

Pazo do Parlamento, 11 de xuño de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 11/06/2021 13:55:50**

**Julio Torrado Quintela na data 11/06/2021 13:56:01**

**Marina Ortega Otero na data 11/06/2021 13:56:11**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 11/06/2021 13:56:23**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Mercedes Queixas Zas**, e deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 5 de marzo licitáronse por parte da Xunta de Galiza as obras para a reparación e posta en valor da Ponte Nafonso, entre os concellos de Noia e Outes, por valor de 707.000 euros.

O proxecto contempla a substitución do pavimento e da varanda existente, a limpeza dos paramentos exteriores da ponte, a iluminación da calzada e a da propia ponte e a colocación de paneis informativos e de localización e na súa visita ao lugar por parte do delegado territorial da Coruña, este explicou que “se trata dunha actuación integral”.

A Ponte Nafonso é un ben de orixe medieval, dun enorme valor patrimonial, que está catalogado e que forma parte do patrimonio histórico-artístico de Galiza e dende o BNG levamos anos demandando unha verdadeira actuación para rematar co estado de abandono inaceptábel no que se atopa e sobre a súa contorna.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Despois de tantos anos, o BNG parabenízase de que, por fin, a Xunta tome cartas neste asunto e vaia proceder a unha restauración que, non entanto, aínda fica lonxe de poder cualificarse como “integral”.

Exclúese dela a reposición do vello peitoril de pedra orixinal e tampouco se recollen actuacións na súa contorna que a revaloricen aínda máis. O proxecto contempla a substitución da actual varanda de ferro por outra semellante e non aposta pola restitución do peitoril histórico, que foi retirado no século XIX para ensanchar a ponte e permitir o paso de vehículos.

Agora, a Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade vén de anunciar a adxudicación das obras por un valor de 574.000 euros e nela mantense unha actuación incompleta.

A agresión patrimonial que tivo lugar coa substitución do peitoril de pedra por unha varanda de ferro non pode volver a repetirse nun dos monumentos máis importantes da comarca e a actuación que se pretende levar a cabo debe respectar non só o noso patrimonio senón a nosa historia colectiva.

É fundamental que para eliminar o deterioro e o descoido que vén sufrindo a Ponte Nafonso dende hai tanto tempo se complete a actuación coa reposición do peitoril orixinal e, polo tanto, se modifique o proxecto neste sentido e se realicen as obras conforme ao respecto e á importancia que ten como ben catalogado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a modificar o proxecto de reparación e posta en valor da Ponte Nafonso, entre os concellos de Noia e Outes, e á inclusión nel da reposición do peitoril de pedra orixinal.”

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Manuel Lourenzo Sobral**

Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 11/06/2021 15:42:26**

**Mercedes Queixas Zas na data 11/06/2021 15:42:36**

**Daniel Castro García na data 11/06/2021 15:42:49**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 11/06/2021 15:43:04**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral** e deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de que a información recollida no Documento Nacional de Identidade apareza en lingua galega.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como ben é sabido o feito de que o galego ocupe o maior número de espazos do noso día a día é chave para a súa normalización e para a adquisición de maior prestixio lingüístico. Deste xeito, a administración é outro eido no que o galego precisa estar máis presente para que os e as galegas teñan garantidos os seus dereitos lingüísticos.

Pola razón anteriormente citada é importante salientar como desde hai case dúas décadas os documentos nacionais de identidade recollían a información en lingua castelá e tamén nas linguas cooficiais do resto de nacións do Estado Español, entre as cales evidentemente estaba o galego. Desta maneira, garantíase a normalidade lingüística e o dereito a termos os nosos datos na nosa lingua, algo que a día de hoxe non podemos garantir.

Todo isto débese a que a partir do 2 de agosto as linguas cooficiais desaparecerán dos documentos nacionais de identidade para deixar paso ao inglés, no marco da creación do novo DNI Europeo e que deixará obsoleto o actual DNI en 2031.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Esta realidade só podemos considerala coma unha volta ao pasado e un retroceso nos nosos dereitos lingüísticos que se ven atacados e que volven a uns escenarios que non se vían desde hai case vinte anos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a que se dirixa ao goberno estatal para reclamar o mantemento da presenza da lingua galega nos novos documentos nacionais de identidade.”

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

**Mercedes Queixas Zas**

Deputado e deputada do G.P. do BNG

**Manuel Lourenzo Sobral**

Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 11/06/2021 15:59:34**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Mercedes Queixas Zas na data 11/06/2021 15:59:39**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 11/06/2021 15:59:54**



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Alberto Pazos Couñago, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez e Elena Suárez Sarmiento**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade Política Social e Emprego**.

### Exposición de motivos

Os estudos demostran que os galegos maiores prefiren, de xeito moi maioritario, ser atendidos nas súas propias casas cando comezan a necesitar apoio.

Para cumprir as súas preferencias, o Goberno galego dispón dun amplo catálogo de recursos, que se adaptan ás necesidades de cada fogar:

- As axudas para coidados na contorna familiar, coas que a Xunta colabora economicamente coas persoas que prefiren ser atendidas por unha persoa próxima a elas;
- O Xantar na casa, que serve un menú san e equilibrado para cada día da semana a máis de 1.600 fogares;
- A teleasistencia, que presta apoio a máis de 7.500 persoas aproveitando as novas tecnoloxías.
- E, por suposto, o Servizo de Axuda no Fogar.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





O Servizo de Axuda no Fogar é un dos piares do sistema galego de coidados no que Galicia é líder a nivel nacional. A través deste servizo, que xestionan os concellos pero financia nunha parte moi importante a Xunta de Galicia, reciben atención profesional 24.000 galegas e galegos en situación de dependencia.

No ano 2021, para manter e reforzar o Servizo de Axuda no Fogar, a Xunta de Galicia inviste nel 83,6 M€, un 10% máis que no 2020.

O Goberno galego lanzou un Plan de reforzo do Servizo de Axuda no Fogar sen precedentes, que pon máis dun millón de horas de atención ao ano á disposición das persoas que as necesiten.

Para iso, habilitouse un investimento de 9,5 millóns de euros co que se poden atender unhas 6.000 persoas maiores dependentes por toda Galicia máis que no ano 2020, isto é, o 100% da demanda deste servizo.

Estas horas repártense alá onde son máis necesarias, cunha especial atención nas zonas rurais.

Ademais, este novo medio millón de horas de Servizo de Axuda no Fogar permitirá tamén a creación de máis de 1.000 postos de traballo no sector dos coidados.

Trátase de poñer a disposición dos concellos máis horas para achegar os coidados de profesionais a un maior número de fogares con maiores e persoas dependentes.

Con este incremento orzamentario, o Servizo de Axuda no Fogar reafirmase como un dos piares da atención á dependencia.

Por outra banda, a conselleira de Política Social acordou o pasado mes de decembro co presidente da Fegamp, abrir un proceso de revisión do prezo que paga a Xunta aos concellos polo Servizo de Axuda no Fogar.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



Para poder facer fronte a este incremento, é preciso que o Goberno central cumpra o establecido na Lei de dependencia, que estipula financiar o 50% dos fondos de atención á dependencia. Neste momento tan só se fai cargo do 24%, mentres que o 76% restante procede das arcas da do Goberno galego.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a incrementar a achega autonómica aos concellos para o sostemento do Servizo de Axuda no Fogar, no que Galicia é líder nacional, e a reclamar ao Goberno central que aumente a participación estatal no financiamento á dependencia para garantir a sustentabilidade do sistema”.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 14/06/2021 10:00:55**

**José Alberto Pazos Couñago na data 14/06/2021 10:01:17**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 14/06/2021 10:01:28**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 14/06/2021 10:01:44**

**Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 14/06/2021 10:02:02**

**Noelia Pérez López na data 14/06/2021 10:02:12**

**María Corina Porro Martínez na data 14/06/2021 10:02:29**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 14/06/2021 10:02:54**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Alberto Pazos Couñago, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez e Elena Suárez Sarmiento**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade Política Social e Emprego**.

### Exposición de motivos

A Xunta de Galicia está a traballar no novo modelo de residencias. Esta complexa reestruturación do sistema será un dos grandes retos desta lexislatura. Neste sentido, o novo modelo será participativo, consensuado e integrador, e precisa do punto de vista de todos os axentes implicados: persoal médico e de enfermería, directores e traballadores non sanitarios, académicos e investigadores, arquitectos, familiares de usuarios, etc..

Este novo modelo sustentarase sobre tres piares fundamentais: aposta polas potencialidades da tecnoloxía ao servizo da calidade de vida das persoas usuarias, explorar melloras estruturais e arquitectónicas que permitan optimizar a atención en todas as circunstancias, e o imprescindible avance na coordinación entre o eido social e o sanitario. Tamén é fundamental a modificación da normativa, unha maior integración das residencias coa atención médica primaria e hospitalaria, así como a investigación, innovación e formación continuadas.

Sobre este diagnóstico traballa o Comité Asesor Sociosanitario, constituído o pasado 21 de decembro, encargado de deseñar o esquema sociosanitario e marcar as liñas



mestras polas que transcorrerá o futuro do sector e que permitirá seguir avanzando cara un maior benestar das persoas maiores usuarias.

Entre os obxectivos deste grupo de expertos está atender as novas necesidades xeradas a raíz da covid-19, así como mellorar os servizos residenciais de Galicia para a era postcovid. Para iso contan coa colaboración de profesionais do sector das residencias, a sanidade, a arquitectura e a investigación, entre outros.

O novo modelo de residencias atenderá ás necesidades evidenciadas tras a pandemia da covid-19 e mellorará os servizos para a nova era que comeza. Este novo modelo buscará extraer todas as leccións e experiencias vividas nos últimos meses nas residencias, ampliar a participación de todos os axentes implicados nos coidados das persoas maiores e lograr o máximo consenso.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dar conta do informe sobre o diagnóstico das residencias de maiores que elabora o Comité Asesor Sociosanitario para identificar as fraquezas, as fortalezas e as propostas de mellora que permitirán avanzar cara un novo modelo residencial”.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2021



**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 14/06/2021 09:55:29**

**José Alberto Pazos Couñago na data 14/06/2021 09:55:55**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 14/06/2021 09:56:06**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 14/06/2021 09:56:22**

**Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 14/06/2021 09:56:44**

**Noelia Pérez López na data 14/06/2021 09:56:56**

**María Corina Porro Martínez na data 14/06/2021 09:57:14**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**María Elena Suárez Sarmiento na data 14/06/2021 09:57:29**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Daniel Pérez López** e **Ramón Fernández Alfonso** e deputada **Carme González Iglesias**, , ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende xuño de 2019, o comité da empresa XEAL Cee-Dumbría-Centraís Hidroeléctricas (antes Ferroatlántica) ven denunciando publicamente o carácter fraudulento da operación de cambio de titularidade de Ferroatlántica, que pasou a pertencer en virtude desa compra-venda ao fondo inversor americano TPG, e a ser xestionada pola empresa Ithaka.

O escurantismo desa operación, e o feito que nin Ferroatlántica nin o fondo americano comprador adquiriran compromiso por escrito relativo ao futuro destas fábricas, nin fixeran entrega ou explicaran aos representantes dos traballadores o contido do contrato de compravenda ou dos acordos da mesma, xustificaba as reticencias da parte social, que se viron confirmadas polos actos posteriores da empresa, que poñen en perigo a viabilidade das fábricas e o mantemento dos postos de traballo; requisitos, por outra parte, recollidos no título concesional e en diferentes sentenzas xudiciais.

A redución ao mínimo da actividade dos fornos e a destrución, dende a operación de compravenda, de trinta postos directos e oitenta no emprego eventual







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

anual e auxiliares, amosa o abandono industrial das fábricas de cee e Dumbría por parte de XEAL.

Cuestións estas que xa foron traídas ao Parlamento galego en forma de diferentes iniciativas deste Grupo Parlamentar, nas que se solicitaba da Xunta de Galiza a adopción de cantas medidas fosen necesarias para asegurar a viabilidade das fábricas e así, do emprego. Con resultado infrutuoso, todo hai que dicilo.

Por iso, ante a situación de extrema preocupación polo futuro das fábricas, e a actitude da empresa, que comezou cun proceso de despedimentos claramente inxustos, non podemos senón manernos na posición na que sempre estivemos, ao lado dos traballadores, e darlle voz as súas xustas reivindicacións.

Atendendo ao grave da situación e sendo o mantemento do emprego unha prioridade para unha comarca moi castigada nos últimos anos, é imprescindible que os grupos da cámara adopten unha posición clara e contundente de apoio aos traballadores e traballadoras de XEAL, de apoio á recuperación da actividade industrial e tamén as accións xudiciais iniciadas polas traballadoras e traballadores da empresa na defensa dos seus postos de traballo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a explicitar o seu apoio ás reclamacións das e dos traballadores de XEAL, que se concretan en:





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

1. Esixir da empresa a inmediata posta en marcha dos fornos e a cobertura de todos os postos de traballo destruídos na plantilla, emprego eventual e auxiliares dende xullo de 2019.

2. Readmitir de maneira inmediata ao traballador que acaban de despedir de forma inxusta.

3. Apoiar as reivindicacións e accións legais e xudiciais postas en marcha polo Comité de Empresa na reclamación ante os Tribunais de Xustiza, para que se recoñeza a nulidade da operación de venda realizada polo Grupo Ferroatlántica (Ferroglobe) a TPG- Ithaka.”

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2021

Asdo.: **Daniel Pérez López**

**Ramón Fernández Alfonso**

**Carme González Iglesias**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Daniel Pérez López na data 14/06/2021 11:56:52**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 14/06/2021 11:57:00**

**María do Carme González Iglesias na data 14/06/2021 11:57:10**

**Ana Pontón Mondelo na data 14/06/2021 11:57:17**



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

### Exposición de motivos

Coincidindo cos diferentes brotes de Covid-19, a facturación de bares, restaurantes e hoteis caeu o ano pasado un 42 %. Sete de cada dez empregos perdidos en Galicia durante o 2020 estaban en bares, restaurantes e aloxamentos.

A pandemia está destruindo a maioría dos empregos no sector da hostalería. Os evidentes efectos da redución de aforos e horarios, a contención dos gastos por parte das familias e o medo ao contacto social leva á hostalería a estar nunha situación límite.

A consecuencia de todas estas circunstancias é que cada vez son máis os hostaleiros que deciden poñer o seu bar, cafetería, restaurante ou pub á venda, aluguer ou traspaso. No último ano, dous de cada dez establecementos de hostalería de Galicia víronse obrigados a baixar a persiana definitivamente. En total, no ano do coronavirus, case 3.400 hostaleiros/as da comunidade víronse obrigados a pechar os seus negocios, unha media de case 10 ó día.

No actual contexto a situación do sector da hostalería é francamente desesperada, con miles de negocios pechados dende a declaración do estado de alarma, con máxima incerteza sobre a continuidade dos locais que aínda permanecen abertos e con miles de empregos en risco.

Ante esta dramática situación moitos empresarios e empresarias deste sector decidiron crear a federación *Hostalería Federada Galega*, con máis de 4.000 empresarios/as e integrada por 14 asociacións de toda Galicia.

O Goberno autonómico debería falar con toda a hostalería, tamén con esta federación que representa a máis de 4.000 empresarios e empresarias da hostalería. Sen que ninguén do Goberno autonómico falara cos representantes desta federación o presidente da Xunta de Galicia o 22 de abril fixo unhas declaracións, ao noso parecer desafortunadas, «a creación de moitas asociacións diferentes só contribúe a estar dinamitando o sector, para que non teña unha



representación». O Sr. Feijóo é o presidente de todos os galegos e galegas, e como tal ten o deber de reunirse con todas as asociacións.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xuntade Galicia a manter unha reunión urxente coa Hostalería Federada Galega para coñecer as súas suxestións, tendo en conta o seu coñecemento sobre o sector, ante a necesidade de tomar medidas para facer fronte á Covid-19.

Pazo do Parlamento, 15 de xuño do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 15/06/2021 10:05:47**

**Martín Seco García na data 15/06/2021 10:05:57**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 15/06/2021 10:06:12**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, Luís Manuel Álvarez Martínez, Noa Díaz Varela e Martín Seco García, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª..

O IES Manuel Murguía de Arteixo é un centro educativo no que hai preto de 900 alumnos matriculados nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato. Ademais funciona neste centro a sección da Escola Oficial de Idiomas da Coruña. Presenta, polo tanto, un moi elevado uso das súas instalacións.

Segundo se ten trasladado a este grupo parlamentario existen graves problemas relacionados por un lado coa antigüidade do edificio, polo uso habitual das instalacións por un elevado número de alumnos ao longo dos cursos, ademais das zonas exteriores incluíndo instalacións deportivas que foron de titularidade municipal. As deficiencias máis salientables, que non as únicas, que presenta o centro son as seguintes:

1. O centro educativo herda das antigas instalacións deportivas municipais situadas na parcela onde se edificou. Estas instalacións presentan na actualidade unha situación ruínosa sen que nin o anterior propietario, o concello de Arteixo, nin a Consellería de Cultura, Educación e Universidade atendan as peticións que se levan facendo dende hai máis dunha década para resolver este problema.
2. Por outro lado, algún dos edificios necesita xa a renovación completa da cuberta xa que ten filtracións que provocan goteiras e fendas considerables dentro do edificio en zonas de corredores e aulas, sendo un foco de insalubridade polas humidades que provoca e os conseguíntes fungos que aparecen e inseguridade multiplicando a posibilidade de caída de cascallos.
3. Tamén merece unha especial mención o estado do ximnasio vello que precisa unha urxente reparación e adecuación aos usos para os que foi concibido, a práctica deportiva.
4. A adecuación da vivenda do conserxe, que é un espazo duns 100 m<sup>2</sup> distribuído de xeito que puider ser usado como vivenda, permitiría dispor dun recurso para realizar titorías e outras actividades, entre elas, a existencia de locais para as ANPA.
5. O estado das fiestras do centro segue a constituír un problema pendente de solución global. Aínda que se realizaron reparacións, tratouse dunha actuación insuficiente que non resolveu o problema e, incluso, moitas das partes das ventás pasaron de ser elementos móbiles a elementos fixos despois de quedar



bloqueado o seu movemento e, ao mesmo tempo, a función máis importante que teñen neste tempo de pandemia, a ventilación quedou anulada.

6. Na liña da tan necesaria eficiencia enerxética, a renovación de cadros eléctricos e luminarias evitarían o gasto en enerxía eléctrica actual, podendo revertir ese aforro noutro tipo de actuacións tan precisas nun centro educativo tan masificado.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a levar a cabo, de xeito urxente, as actuacións necesarias nas instalacións do IES Manuel Murguía de Arteixo coa finalidade de garantir a correcta funcionalidade da totalidade das instalacións que o compoñen.

Pazo do Parlamento, 14 de xuño de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/06/2021 11:47:27**

**Noa Susana Díaz Varela na data 14/06/2021 11:47:46**

**Martín Seco García na data 14/06/2021 11:48:03**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 14/06/2021 11:48:22**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Noa Díaz Varela, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

Segundo cifras oficiais da Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero, no que vai de ano no Estado foron 19 as mulleres asasinadas, ás que hai que lle sumar dúas menores asasinadas e unha secuestrada polo seu pai, todas vítimas da violencia machista.

Recentemente, a secretaria xeral de Igualdade comparecía no Parlamento de Galicia para dar conta dos informes sobre violencia de xénero correspondentes ao ano 2020, nos que se poñía de manifesto que esa violencia segue a ser un problema estrutural que hai que combater con todos os medios ao alcance.

Entre outros datos achegados, figuraba que as chamadas ao 061 foron en 2020 3.096, un 25 % máis que en 2019; que os últimos datos sobre os feitos coñecidos de violencia sexual en Galicia se incrementaron en 2020 en máis dun 18 % con respecto ao ano anterior; ou que 1 de cada 5 partes de lesións xerados en atención primaria foron casos de violencia machista, e a maioría provocados pola parella.

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) presentaba estes días os datos do primeiro trimestre de 2021, que apuntan un aumento do 18 % de vítimas de violencia machista en Galicia, onde se rexistraron 1.434 mulleres vítimas nas denuncias recibidas fronte ás 1.387 do mesmo período do pasado ano.

Tamén o primeiro Informe sobre a Violencia contra a Muller 2015-2019, publicado neste mes de marzo polo Ministerio do Interior, apunta que cerca da metade das infraccións penais cometidas contra mulleres en Galicia responden a violencia psíquica, a máis invisible das violencias machistas.

Diante deste terrible escenario é preciso pór de maneira urxente todos os medios para frear o ascenso da violencia machista no noso país á vez que previr máis asasinatos de mulleres e dos seus fillos e fillas.





Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a loitar de maneira urxente contra o aumento da violencia machista, entre outras, coas seguintes medidas:

1. Posta en marcha en setembro dun plan contra a violencia de xénero centrado fundamentalmente na prevención e na educación que inclúa campañas de información e sensibilización sobre violencia machista con recursos para a súa identificación e servizos dispoñibles aos que acudir en caso de ser vítima. A campaña deberá diferenciar segundo públicos e impactos (ámbito urbano ou rural, por idades, por sexos, emprego de novas tecnoloxías...)
2. Incremento de programas de formación en igualdade e prevención da violencia machista, valorando a súa obrigatoriedade en ámbitos como o sanitario, a educación ou a xustiza.
3. Redacción dun informe urxente por parte do Observatorio Galego de Violencia de Xénero que avalíe a situación actual e, sobre todo, propoña novas medidas dirixidas á prevención e erradicación desa violencia, así como accións no ámbito educativo, tal e como lle vén encomendado polo Decreto 157/2012.

Pazo do Parlamento, 15 de xuño de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Susana Díaz Varela na data 15/06/2021 17:14:26**

**Marina Ortega Otero na data 15/06/2021 17:14:50**

**Julio Torrado Quintela na data 15/06/2021 17:15:08**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 15/06/2021 17:15:18**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Noa Díaz Varela, Paloma Castro Rey e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

O xulgado de instrución número 3 de Pontevedra acaba de condenar o alcalde de Vilanova de Arousa, Gonzalo Durán Hermida, como autor dun delito leve de falta de respecto e consideración debida á autoridade no exercicio das súas funcións ao insultar no ano 2018 a presidenta da Deputación, Carmela Silva.

O contido das descualificacións, claramente machistas, foron entendidas no fallo xudicial como evidencias “dunha falta de respecto ou menosprezo cara ao principio de autoridade representado pola presidenta da Deputación de Pontevedra, que excede o normal exercicio do dereito fundamental de liberdade de expresión”.

Coa seguridade de que o alcalde do PP de Vilanova de Arousa nunca tería proferidos eses insultos machistas se a Deputación de Pontevedra estivese presidida por un home, e considerando que o xulgado acaba de condenalo, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a condenar as declaracións machistas do alcalde de Vilanova de Arousa, condenado por un delito leve de falta de respecto e consideración debida á autoridade no exercicio das súas funcións.

Pazo do Parlamento, 15 de xuño de 2021

### **Asinado dixitalmente por:**

**Noa Susana Díaz Varela na data 15/06/2021 18:31:24**

**Paloma Castro Rey na data 15/06/2021 18:31:39**

**Julio Torrado Quintela na data 15/06/2021 18:31:50**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 15/06/2021 18:32:01**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Noa Díaz Varela e Luís Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4<sup>a</sup>.

En Galicia existe unha decena de empresas do sector do videoxogos que facturan ao ano entre 3 e 4 millóns de euros. A estas hai que lle sumar moitos outros creadores e creadoras profesionais que traballan no sector como autónomos. No global do Estado, Galicia comparte con Euskadi a quinta posición en número de estudos constituídos activos.

O documento de traballo ‘Achegas e propostas para a aplicación dos programas de estímulo no sector cultural’ do Consello da Cultura Galega (CCG) faise eco do estudo *Rebuilding Europe The cultural and creative economy before and after the COVID-19 crisis* que describe os efectos da crise no sector cultural e creativo de Europa, e que asegura que o único sector creativo que obtivo ganancias con respecto a 2019 foi o dos videoxogos, que incrementou o seu negocio nun 9 %. Mais maila esta resistencia á crise, este sector -di o CCG- tamén sufriu os efectos secundarios da pandemia provocados polo adiamento das contratacións internacionais.

Nesta conxuntura, o Goberno galego ten manifestado en moitas ocasións o seu compromiso co sector do ocio interactivo e cultura dixital, pero finalmente ese compromiso non acaba por materializarse salvo na aprobación de itinerarios formativos de Formación Profesional e mesmo un grao universitario que, de non se facer nada máis, serán outro nicho máis de desemprego cultural. Porque de nada serve formar profesionais especializados se non se promociona e asegura á vez unha estrutura industrial estable.

Para o CCG, o ocio interactivo e a cultura dixital é un sector cun desenvolvemento moi importante nos vindeiros anos que se está a acelerar coa chegada da crise. Por iso, inclúe entre as súas recomendacións no citado documento de traballo un apartado específico no que anima a aproveitar a oportunidade que supón o incremento global da produción de videoxogos e fomentar a creación e produción de contidos de calidade relacionados con esta industria.



É por iso que este sector emerxente en Galicia solicita unha interlocución permanente coa Xunta de Galicia -a día de hoxe case inexistente- para elaborar un plan estratéxico que inclúa axudas e liñas de financiamento específicas que axuden a conformar unha estrutura sólida para esta industria que lle permita competir en mercados internacionais.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a elaborar, en permanente diálogo coa industria e cos creadores e creadoras, un plan estratéxico de promoción e consolidación en Galicia do sector do ocio interactivo e cultura dixital que inclúa axudas e liñas de financiamento específicas para lle asegurar unha estrutura estable coa que poder competir en mercados internacionais.

Pazo do Parlamento, 15 de xuño de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Susana Díaz Varela na data 15/06/2021 17:42:28**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/06/2021 17:42:42**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 15/06/2021 17:42:55**



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

### Exposición de motivos

Desde o 1 de xullo ata o 30 de setembro a área sanitaria de Vigo pechará 135 camas entre Hospital Álvaro Cunqueiro e o Meixoeiro.

Esta redución de camas prodúcese sempre no momento en que o persoal toma vacacións e causa unha diminución de atención, porque as intervencións cirúrxicas redúcense, ó igual que a capacidade de ingresos e de consultas. Concretamente no Cunqueiro está previsto pechar 75 camas, 35 das cales pertencen a neurocirurxía e o resto son segundos lugares de habitación. No Meixoeiro, pola súa banda, as novas prazas que se suprimirán en xullo, agosto e setembro son sesenta, pertencente aos servizos de Traumatoloxía e Medicina Interna.

Os sindicatos recibiron a confirmación do peche destas prazas a principios de xuño e consideran que é unha oportunidade perdida para aumentar o número de intervencións cirúrxicas e reducir a actual lista de espera, tanto a histórica como a que se xerou pola redución da actividade durante os meses máis duros da pandemia, onde houbo que destinar recursos significativos á atención da Covid-19.

Esta medida, do peche das camas tanto no Cunqueiro coma no Meixoeiro, é outra das mostras da mala xestión da sanidade pública por parte da Xunta de Galicia que acontece todos os anos, sen que en ningún momento se lle poña unha solución por parte do Goberno autonómico.

O peche de camas na área sanitaria de Vigo está causando malestar entre a cidadanía que demanda unha solución ao problema, porque isto o único que fará é retrasar aínda máis a lista de espera para realizar operacións.



Dende hai tempo existen numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema sanitario galego, froito dunha ineficiente xestión en termos, especialmente, de recursos materiais e humanos froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a non reducir o número de camas do Hospital Álvaro Cunqueiro e do Hospital do Meixoeiro nos meses de xullo, agosto e setembro e reducir a lista de espera nas operacións

Pazo do Parlamento, 16 de xuño do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán  
Julio Torrado Quintela  
Marina Ortega Otero  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 16/06/2021 09:35:12**

**Julio Torrado Quintela na data 16/06/2021 09:35:19**

**Marina Ortega Otero na data 16/06/2021 09:35:26**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 16/06/2021 09:35:33**



## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

### Exposición de motivos

No BOE do 16 de outubro de 2020 publicábanse a Lei 4/2020, do 15 de outubro, do Imposto sobre Determinados Servizos Dixitais (taxa “Google”) e a Lei 5/2020, do 15 de outubro, do Imposto sobre as Transaccións Financeiras (“taxa Tobin”).

A tramitación destes novos impostos produciuse no medio das ameazas de Estados Unidos a España, Francia e Reino Unido e Italia sobre represalias con novos aranceis sobre estes impostos dixitais.

A aprobación destas leis supón unha implantación unilateral do Goberno central, tendo en conta as declaracións da presidenta da Comisión Europea Ursula von der Leyen, que aseguraba que non se escatimarían esforzos para alcanzar un acordo sobre a taxa Google no marco da OCDE/OCDE ou o G20, aclarando que se non se lograba un acordo internacional en 2020, a UE aprobaría unha proposta propia.

A principios de xuño de 2021, EEUU considera que a taxa sobre servizos dixitais aprobada por España resulta discriminatoria e prexudica os intereses comerciais estadounidenses, polo que determinou impoñer un arancel adicional do 25% sobre unha lista de 27 subpartidas arancelarias de produtos españois, aínda que suspendeu a súa aplicación por 180 días para dar tempo ás negociacións sobre fiscalidade internacional no seo da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) e no G20.

Entre os produtos que se verán afectados a partir do 29 de novembro de 2021 polos aranceis adicionais unha vez expire a tregua de 180 días destacan produtos do mar de alto valor coma crustáceos ou cefalópodos, o que pode devir nun novo golpe ás exportacións galegas deste tipo de produtos, xa constrinxidas polo brexit.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

- 1.- Que negocie a eliminación dos aranceis comerciais impostos polos Estados Unidos, que a partir do 29 de novembro de 2021 afectarían aos produtos do mar de alto valor, xerando unha posible mingua nas exportacións dende Galicia.
- 2.- Adoptar as medidas necesarias para protexer ao sector da pesca, e que non se vexa afectado pola imposición de aranceis”.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 16/06/2021 11:57:58**

**Teresa Egerique Mosquera na data 16/06/2021 11:58:18**

**José Manuel Balseiro Orol na data 16/06/2021 11:58:34**

**Ana Belén García Vidal na data 16/06/2021 11:58:48**

**Manuel Santos Costa na data 16/06/2021 11:59:00**

**José Alberto Pazos Couñago na data 16/06/2021 11:59:09**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 16/06/2021 11:59:21**

**Daniel Vega Pérez na data 16/06/2021 11:59:37**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres, Manuel Lourenzo Sobral e Paulo Ríos Santomé** e deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Axencia Galega de Infraestruturas está a tramitar o proxecto de reforma parcial da PO 308 entre A Fontela e Combarro, obra integrada nunha serie de actuacións de reforma por fases desde vial que conecta Pontevedra e O Grove pasando por Poio e Sanxenxo.

Recentemente tivemos coñecemento da resposta da AGI á asociación veciñal, cultural e recreativa de Combarro na que se comunica que se desbota a proposta de construción dunha rotonda na intersección da PO 308 co Camiño Real e Baixada á Chousa.

A construción desta rotonda é unha demanda unánime compartida pola veciñanza e apoiada de xeito unánime pola corporación municipal de Poio, que refrendou así a proposta de alegacións para a mellora do proxecto de reforma da PO 308 entre A Fontenla e Combarro.

Nestas alegacións municipais faise constar que o deseño actual deste treito da PO 308 “é insuficiente, configurando un dos puntos máis conflictivos de toda a PO 308,





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

complicado pola grande cantidade de peóns que conflúen na contorna con grande perigo da súa integridade”.

Este punto do PO 308, situado en pleno casco urbano de Combarro, é unha intersección moi transitada porque nela sitúase o vial de acceso ao casco histórico de Combarro. A elevada intensidade do tráfico, multiplicado na época estival, fai que o xiro se faga con moita dificultade, o que leva aparelada tamén unha alta sinistralidade.

Desde o BNG consideramos que a travesía da PO 308 á altura de Combarro debería ser obxecto dunha actuación integral de urbanización, de xeito semellante ás que se realizou na rúa do Progreso na veciña vila de Sanxenxo.

Por parte da Xunta de Galiza optouse por unha reforma parcial e non integral, mais sería un erro grave non incluír neste proxecto a reforma da intersección citada, mediante a construción dunha rotonda que mellore a mobilidade tanto peonil como motorizada.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a incluír no proxecto de reforma da PO 308 entre A Fontenla e Combarro unha rotonda no núcleo de Combarro, na intersección entre a estrada autonómica, a rúa do Camiño Real e a Baixada á Chousa.

Asemade, o Parlamento insta ao Goberno galego a atender as demais alegacións presentadas pola veciñanza e polo concello de Poio.”





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2021

**Asdo.: Manuel Lourenzo Sobral**

**Paulo Ríos Santomé**

**Alexandra Fernández Gómez**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Luis Bará Torres**

Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 16/06/2021 13:18:13**

**Paulo Ríos Santomé na data 16/06/2021 13:18:18**

**Alexandra Fernández Gómez na data 16/06/2021 13:18:26**

**Xosé Luis Bará Torres na data 16/06/2021 13:18:34**



## Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputados, **Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

### Exposición de motivos

Inmersa na campaña de vacinación, Galicia continúa avanzando para lograr a inmunización da poboación grazas á chegada das vacinas e ao cumprimento e ao esforzo e compromiso por parte do Goberno de España. E sobre todo, o gran traballo sen descanso dos profesionais sanitarios, nomeadamente o colectivo de enfermaría.

Dende a Federación Galega de Persoas con Discapacidade Intelectual informan que, tras reiterados intentos de comunicación coa Xunta de Galicia para alertar sobre a necesidade de priorizar ao colectivo na vacinación nestes intres, non obtiveron resposta.

Ademais dende a propia Federación insisten en informar sobre o feito de que as únicas excepcións en toda España en canto á falta de vacinación do colectivo de persoas con discapacidade intelectual son, Galicia, Castela León e Madrid.

Hai que ter en conta que para as persoas que forman parte deste colectivo é complexo asumir as restricións e medidas de seguridade, incrementándose para elo un sobrecusto de recursos elevado para as propias asociacións, que exercen competencias directas da Consellería de Política Social. Pero máis importante é destacar o sobrecusto emocional das restricións para persoas que parten dunha discapacidade intelectual motivada por unha variabilidade moi ampla de motivos que caracteriza a este colectivo de persoas.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos fundamental que dende o Goberno galego teñan en conta as demandas deste colectivo en canto á vacinación. Ademais é importante que a Administración autonómica valore os sobrecustos que estas asociacións (que realizan competencias directas da Consellería de Política Social) asumiron para o cumprimento das restricións.



Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, a través das Consellerías de Política Social e Sanidade, atendan as demandas do colectivo de persoas con discapacidade intelectual en relación á vacinación e asuman os sobrecustos aos que fixeron fronte as entidades que prestan servicios directos dependentes da Consellería de Política Social no ámbito da discapacidade intelectual, con motivo do cumprimento da normativa de restricións da pandemia.”

Pazo do Parlamento, 16 de xuño de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Marina Ortega Otero na data 16/06/2021 18:33:37**

**Julio Torrado Quintela na data 16/06/2021 18:33:49**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 16/06/2021 18:34:00**



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Paloma Castro Rey, Marina Ortega Otero, Pablo Arangüena Fernández e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

### Exposición de motivos

O día 18 de febreiro de 2021, o sindicato CNT rexistrou unha convocatoria de folga dirixida a todo o persoal do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, do que dependen servizos sociais como a Galiña azul ou centros de día para maiores, ante a imposibilidade de poder acadar unha solución consensuada ao problema de temporalidade ao que se enfronta este organismo.

Á folga está chamada todo o persoal do Consorcio, que se fai cargo do redor de 150 escolas infantís da Galiña Azul, 64 centros de día, once centros residenciais e seis vivendas comunitarias de maiores, ademais doutros servizos relacionados coa inclusión, o tratamento da violencia ou o programa Xantar na casa.

A folga xa dura 8 xornadas, e os/as representantes dos e das traballadoras, xa pediron varias reunións coa Dirección Xeral de Función Pública e o conselleiro da área, sen obter ningunha resposta.

Non entendemos este desleixo por parte do goberno da Xunta, que ten a obriga de sentarse a negociar co sindicato convocante, e neste caso aínda máis grave ao afectar esta folga ás persoas máis vulnerables.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Facer públicos os datos de seguimento da folga do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, que segue activa despois de 8 xornadas, dende o mes de febreiro.



- Sentar co Comité de Folga a negociar unha solución a este problema.

Pazo do Parlamento, 17 de xuño do 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 17/06/2021 09:14:24**

**Marina Ortega Otero na data 17/06/2021 09:14:34**

**Pablo Arangüena Fernández na data 17/06/2021 09:15:04**

**Julio Torrado Quintela na data 17/06/2021 09:15:14**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 17/06/2021 09:15:26**





## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Paloma Castro Rey, Marina Ortega Otero, Pablo Arangüena Fernández e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

### Exposición de motivos

O día 18 de febreiro de 2021, o sindicato CNT rexistrou unha convocatoria de folga dirixida a todo o persoal do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, do que dependen servizos sociais como a Galiña azul ou centros de día para maiores, ante a imposibilidade de poder acadar unha solución consensuada ao problema de temporalidade ao que se enfronta este organismo.

Á folga está chamada todo o persoal do Consorcio, que se fai cargo do redor de 150 escolas infantís da Galiña Azul, 64 centros de día, once centros residenciais e seis vivendas comunitarias de maiores, ademais doutros servizos relacionados coa inclusión, o tratamento da violencia ou o programa Xantar na casa.

A folga xa dura 8 xornadas, e os/as representantes dos e das traballadoras, xa pediron varias reunións coa Dirección Xeral de Función Pública e o conselleiro da área, sen obter ningunha resposta.

Non entendemos este desleixo por parte do goberno da Xunta, que ten a obriga de sentarse a negociar co sindicato convocante, e neste caso aínda máis grave ao afectar esta folga ás persoas máis vulnerables.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Facer públicos os datos de seguimento da folga do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, que segue activa despois de 8 xornadas, dende o mes de febreiro.



- Sentar co Comité de Folga a negociar unha solución a este problema.

Pazo do Parlamento, 17 de xuño do 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 17/06/2021 09:11:09**

**Marina Ortega Otero na data 17/06/2021 09:11:30**

**Pablo Arangüena Fernández na data 17/06/2021 09:11:39**

**Julio Torrado Quintela na data 17/06/2021 09:11:52**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 17/06/2021 09:11:59**



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

### Exposición de motivos

A chegada do verán supón sempre un momento de complicación para os sistemas sanitarios, pois a concentración de vacacións das e dos profesionais sanitarios precisa dunha profunda planificación que, ademais, debe vir acompañada dun deseño de Recursos Humanos axeitado ás variacións e alteracións demográficas que poidan ser previstas no territorio.

Ademais da dificultade que a situación actual produce, coa acumulación dunha tempada de ano e medio de loita contra a pandemia na que as e os profesionais sanitarios tiveron (e teñen) unha carga e risco de traballo incalculable, no caso de Galicia a situación agrávase por dúas razóns:

- a) por un lado que a política de Recursos Humanos vén sendo ineficiente nos últimos anos no Sergas, con déficit de contratación e numerosas queixas, denuncias xudiciais con éxito para as/os traballadoras/es e demandas das institucións territoriais que fan eco das peticións veciñais de reforzo nos territorios que aumentan poboación durante o verán;
- b) en segundo lugar a experiencia dos anos previos indica que a planificación do Sergas tende a ser limitada e reducida en termos de RR.HH., con extrema eficacia á hora de recortar profesionais onde os rateos descenden por debaixo dos valores recomendados, pero con moita reticencia ou desatención no caso de que os volumes asistenciais aumenten.

Se ben a Atención Primaria vese especialmente afectada polos recortes en recursos humanos, no caso da Atención hospitalaria este problema crea, indirectamente, un segundo que é a baixada de recursos de hospitalización (camas, habitacións...). Fronte a esa situación, evidente, o Goberno de Galicia vén utilizando eufemismos continuados durante os últimos anos referidos a que os recursos “están inutilizados pero operativos”, a negar que as camas dispoñibles se reduzan porque “se fan falta utilizaranse” e a outras formulacións que amparan



dialecticamente a estratexia de reducir recursos e facer funcionar ao sistema en función diso.

As distintas áreas sanitarias comezan a saber a previsión de recursos da época estival, nun ano ao que haberá que engadir a previsible chegada de numeroso turismo nacional (o máis frecuente en Galicia) polas circunstancias actuais.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar un informe de continxencia sobre a previsión de utilización e de dotación de recursos humanos para cada área sanitaria, que contabilice as vacacións das e dos profesionais e o volume de persoal que se incorporara. Este informe será presentado no Parlamento de Galicia remitindo copia a cada grupo parlamentario.
2. Planificar a dotación de recursos humanos de Atención Primaria de forma que se garanta a cobertura asistencial no máximo de volume preciso en cada zona do territorio, tendo especial atención a aquelas comarcas de maior incremento de poboación na época de verán.
3. Garantir a cobertura dos profesionais sanitarios que teñan dispostos días ou períodos de vacacións durante o verán, mantendo en todo momento os planteis de persoal ao mesmo nivel que o resto do ano e a dispoñibilidade de camas hospitalarias de igual maneira.

Pazo do Parlamento, 17 de xuño do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Marina Ortega Otero  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**





**Julio Torrado Quintela na data 17/06/2021 09:05:56**

**Marina Ortega Otero na data 17/06/2021 09:06:05**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 17/06/2021 09:06:16**



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

### Exposición de motivos

O pasado mes de febreiro a Dirección Xeral de Inclusión Social solicitou ás entidades prestadoras de Servizos Sociais, concretamente aos centros de Inclusión Social (albergues, comedores sociais, casas de acollida, etc) unha relación do persoal laboral e voluntario que prestan o seu servizo neste tipo de centros para proceder á súa vacinación, por ser un servizo esencial e por tratarse dun colectivo de alto risco polas características da poboación atendida.

Aquel proceso de vacinación non foi completado polo Sergas, quedando persoal destes centros sen vacinar nin citar para a súa quenda. Os grupos de idade foron avanzando na vacinación, mais o persoal dos centros de inclusión social tampouco foron citados por esa vía.

A día de hoxe, catro meses despois, as entidades non tiveron resposta nin da Dirección Xeral de Inclusión e o persoal non foi chamado a vacinar polo Sergas, nin coma persoal dos centros de inclusión, nin, como a toda a poboación, polo seu grupo de idade. Actualmente, hai persoal de máis de 55 anos que está a prestar os seus servizos nestes tipo de centros que non recibiron ningunha vacina. A incerteza polo sucedido agudízase, e mentres existe a crecente sospeita dun cruce de datos que deixa fora aos traballadores que foron incluídos nos primeiros listados (e con elo descartados dos grupos de idade) a dirección da Consellería de Sanidade non ten ofrecido ningunha explicación ao respecto ata este momento.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

